

No marco do proxecto **Aulas Dixitais**, os portátiles de aula Lenovo L540 distribúense cunha **maqueta (sistema operativo + aplicacións instaladas)** plenamente funcional e similar á existente nas aulas do proxecto Abalar.

Esta situación presenta as seguintes vantaxes:

- Uniformidade da maqueta en todas as aulas de todos os centros educativos públicos de Galicia desde 5º de primaria ata 2º de bacharelato.
- Posibilidade en breve de dispor da mesma maqueta en todo o equipamento corporativo distribuído nos últimos quince anos pola AMTEGA e a extinta Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o que permitirá universalizar o software de todo o equipamento corporativo. Esta situación presenta, entre outras, as seguintes vantaxes adicionais:
 - Dado que os requirimentos para correr esta maqueta son moito menos esixentes que os equivalentes en sistemas Windows, moitos equipos antigos con sistemas operativos obsoletos como Windows XP volverán a ser plenamente funcionais.
 - Desaparición da problemática das licenzas para os sistemas operativos e aplicacións ao tratarse de software libre e gratuito.
 - Eliminación dos problemas causados por virus informáticos e malware de Windows.
 - Maior robustez do sistema operativo, o que facilitará o mantemento do mesmo.